

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE ABRIL DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorables.-

1996/04.- Rafel Pedro Souto Carlín.- Reestruct. viv.unif. na Rúa de San Pedro núm.92.

2947/04.- Hervilla, S.L.- Derruba en R/ Sta. Marta núm.42-44.

3040/04.- Construlart Unión, S.L.- Edificio (3 viv.) na R/ Valiño núm.47-

229/05.- Antonio Díaz Rodeiro.- Viv. unif. no Lugar de Porto, Amio.

2846/04.- José Fernández Bonome.- Apertura de oco en edificio sito na Avda. da Coruña núm.1.

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación definitiva de dúas subvencións para á rehabilitación de vivendas e locais do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 13.163,16 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
José Fernández Pérez, en representación da comunidade de propietarios	R/ Carretas, 22	7.030,06
José Suárez Bertoa, en representación de Donaire S.C.	R/ San Pedro 41	6.133,10

11.- Aprobación inicial do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto fabril da antiga papeleira de Brandía, dentro do ámbito do solo urbanizable non programado número 29 (SUNP-29)

Acórdase aprobar inicialmente o Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto fabril da antiga papeleira de Brandía, dentro do ámbito do solo urbanizable non programado número 29 (SUNP-29)

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a Elaboración dun proxecto de Comunicación Global.

Acórdase aprobar a adxudicación da devandita asistencia técnica á empresa Vieros Información en rede S.L. polo importe de 29.890,00 euros (IVE incluído).

14.- Adxudicación das obras de rehabilitación da fábrica de curtidos de HUIDOBRO como centro de Interpretación ambiental.

Acórdase aprobar a adxudicación das devanditas obras á UTE Contruccionen en pedra Sigras S.L.- Reycins S.L. polo importe de 510.817,12 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

15.- Adxudicación do subministro de varios equipos servidores e sistemas de almacenamento para o Centro de proceso de datos do Concello.

Acórdase aprobar a adxudicación do devandito subministro á empresa SOFTGAL S.A. polo importe de 144.000 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa a deixar deserto o concurso para o subministro de consumibles de material informático para o Concello e ó inicio un novo expediente de contratación .

Acórdase deixar deserto o concurso para o subministro de consumibles de material informático para o Concello para o cal non se presentara ningunha oferta e ó inicio un novo expediente de contratación cun tipo de licitación de 29.865,63 euros (IVE incluído).

17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á adxudicación do servizo de mantemento integral da infraestrutura de telecomunicacións do Concello de Santiago.

Acórdase aprobar a adxudicación do devandito servizo á empresa Tecnocontrol S.A. polo importe de 21.601,52 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

18.- Adxudicación das obras de reurbanización no tramo de San Pedro de Mezonzo comprendido entre transversal a Diego de Muros e a Praza Roxa.

Acórdase aprobar a adxudicación das devanditas obras á empresa Aquagest S.A. polo importe de 161.527,32 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas. O prazo de execución é de dous meses e medio.

19.- Adxudicación das obras de reurbanización no tramo de Fernando III o Santo comprendido entre República Arxentina e a Rosa.

Acórdase aprobar a adxudicación das devanditas obras á empresa Extraco S.A. polo importe de 391.994 euros (IVE incluído) ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas. O prazo de execución é de cinco meses.

20.- Adxudicación das obras de Reposición de firme na rúa Escultor Asorey e Travesía .

Acórdase aprobar a adxudicación das devanditas obras á empresa Eulogio Viñal S.A. polo importe de 103.031,25 euros (IVE incluído).

21.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto modificado nº.1 ó de colector exterior do SUNP-37 e adxudicación á empresa principal.

Acórdase aprobar a adxudicación á empresa adxudicataria do proxecto inicial (Aquagest S.A.) no importe de 689.052,52 euros, o que representa un incremento de adxudicación de 110.075,35 euros (19,01% sobre o de adxudicación).

24.- Proposta do Concelleiro Delegado de Política Lingüística relativa á aprobación do proxecto "Tíralle da Lingua".

Acórdase aprobar un orzamento de 3.000 euros para a organización de actividades incluídas neste programa presentado pola Asociación Socio-Pedagóxica de Galicia e coa que o Concello ven colaborando nas súas catro últimas edicións. As actividades a desenvolver son: xornadas de expresión oral para profesorado e concurso de relato oral para alumnado de primario e ESO.

25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Política Lingüística relativa á aprobación das actividades incluídas en CORRELINGUA 2005.

Acórdase aprobar as diferentes actividades incluídas no programa Correlingua 2005 que terá lugar o próximo 12 de maio, cun orzamento de 4.600 euros.

28.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Innovación, Industria e Comercio para actividades de fomento ó investimento en mercados retalistas, e en rúas e zonas peonís comerciais de carácter social.

Ao abeiro da orde de 18 de febreiro da Consellería de Innovación, Industria e Comercio para actividades de fomento ao investimento en mercados retalistas, e en rúas e zonas peonís comerciais de carácter social, acórdase solicitar á devandita Consellería unha subvención por importe de 24.360 euros para a realización dun estudio diagnóstico do comercio minorista en Santiago de Compostela.

30.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á concesión dos premios do sorteo da campaña informativa sobre o uso correcto do colector de envase de plástico, latas e bricks.

Conforme as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de 31 de xaneiro de 2005, e unha vez efectuado o correspondente sorteo dase conta do listado dos 21 premiados no concurso da campaña informativa sobre o usos correcto do colector de envases plásticos, latas e briks.

32.- Dar conta da sinatura do Convenio entre a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, sobre a construción do parque de bombeiros de Santiago en Salgueiriños.

Dase conta á Xunta de Goberno do devandito convenio asinado o pasado 1 de abril de 2005.